

Hai poucos meses morreu Georges Moustaki, o representante máis novo do que foi a canción francesa, naqueles anos cando Francia era Francia. Os únicos superviventes son o francoarmenio Charles Aznavour e Juliette Gréco, a chamada “musa dos existencialistas”, activos aínda por sorte malia ter 89 e 86, respectivamente. Aquel movemento, que seguiu a pegada de artistas como Aristide Bruant e Maurice Chevalier, constituíu un sinal de identidade nacional e unha das principais manifestacións culturais europeas despois da Segunda Guerra Mundial pero foi unha das tantas vítimas da globalización e da superficialidade nas artes.

Hoxe, nomes como Edith Piaf (apenas recuperada e mal pola película *La vie en rose* en 2007), Charles Trenet, Gilbert Bécaud, Léo Ferré, Luis Mariano, Claude Nougaro, Georges Brassens, Jacques Brel, Yves Montand, Serge Gainsbourg ou Boris Vian son absolutamente descoñecidos –non chegan nin a reliquia arqueolóxica– para as novas xeracións.

Trátase do verdadeiro pioneiro da “chanson”

O pioneiro do xénero foi Charles Trenet, nacido na cidade occitana de Narbona fixo un século o pasado 18 de maio (morreu en 2001). A propósito deste feito, o crítico e xornalista barcelonés Joan de Segarra recoñecía un erro seu a propósito dunha canción, citada como de Jacques Brel, cando era obra de Aznavour, que cantara na sala Emporium de Barcelona en 1960. E laiábase de que ningún lector do suplemento *Cultura/s* de *La Vanguardia* se decatase do erro agás dun seu amigo.

Con eses vimbios dificilmente se poderá facer un queipo en forma de homenaxe a Charles Trenet en España, nin tan sequera en Barcelona, naquela Barcelona que hai sesenta anos bebía canción francesa a maneira de vacina –ausente unha *cançó* de seu– contra a copla que o franquismo manipulaba e impuña. Unha lembranza



Vista da cidade de Narbona. Á dereita, portada dun disco do “chansonnier.”



Saudades dun chansonnier

Cen anos de Charles Trenet

JOAQUIM VENTURA

ben distinta á que lle vai dedicar Francia, coa exposición *Trenet, le chantant fou*, presentada en París entre abril e xuño que viaxou a Narbona entre xullo e o 30 de outubro, co padriñado de Aznavour; a edición de *Ya d'la joie*, un volume de 900 páxinas coas letras de todas as súas cancións (en camiño de

que os problemas xurídicos dos seus dereitos se resolvan), que conta cun prólogo tamén de Aznavour; unha biografía, *Charles Trenet à ciel ouvert*, de J. Ph. Ségot; e o anuncio da publicación dunha *Intégrale Charles Trenet* (quizais a reedición da que apareceu en dez cedés en 1999).

Trenet foi o primeiro en dar forma á nova canción francesa despois que adaptou as formas métricas da lingua francesa aos ritmos que chegaron dos Estados Unidos despois de 1945, o jazz e mais o swing. Quizais por iso o xénero segue a ser perfectamente audible: ten a marca da modernidade na súa xenética. Trenet superou as limitacións da *chanson* tradicional (a que se cantaba en tabernas e cabarés), de formas realistas e lúgubres, e aplicoulle ao xénero a tolerancia da alegría, polo cal foi coñecido como o “fou chantant”.

Durante a guerra mundial permaneceu en París e actuou nos cabarés Folies-Bergère e Gaieté Parisienne. Os seus inimigos propalaron o rumor dunhas orixes xudías que Trenet demostrou infundado. A petición dos alemáns aceptou actuar para os soldados franceses detidos en campos de prisioneiros. Despois da guerra Trenet viaxou aos Estados Unidos e ao Canadá en 1930 (alá triunfou como crooner).

Foi quen de superar as limitacións da canción tradicional

Ao seu regreso a Francia en 1951 impuxo o formato do recital longo, de dúas e media de duración. Daquela participou da vida intelectual francesa e foi amigo de Jean Cocteau, Sacha Guitry, Max Jacob ou Salvador Dalí, pero sen deixar de ser un poeta, un home discreto, un “filósofo da felicidade” que decidiu vivir o seu soño despois de soñar a súa vida.



Charles Trenet (1913-2001).

Entre os cantantes da *chanson* francesa Charles Aznavour, Luís Mariano, Yves Montand e Georges Moustaki tiñan orixes non francesas (armenia, vasca, toscana, xudeo-grega), pero todos representaron a integración na identidade cultural francesa que fixo dela o seu particular ADN. Caso distinto foi o de Jacques Brel, belga de fala flamenca pero de expresión artística francesa.

Algúns non esqueceron as respectivas orixes nas súas can-

cións e así Luís Mariano (fillo de exiliados) chegou a gravar non só cancións vascas senón tamén en éuscaro. Moustaki nunca deixou de sentirse ese estranxeiro (*métèque*) que resulta incómodo nunha comunidade.

Cancións para outras terras

Trenet, pola súa banda, non tivo impedimento en facer algunhas cancións a outras terras como Cataluña, á cal dedicou *La jolie sardane* que “l’on danse main dans la main [...] au pays des tramontanes” e aqueloutra,

Boulem pam boli, que incorporaba unhas palabras de base popular en catalán fonetizado, “boulem pam boli” (por “volem pa amb oli”, “queremos pan con aceite”), dedicadas aos nenos cataláns que na merenda preferían o aceite á manteiga. Trenet era francés e fillo de francés, pero malia ser natural de terras occitanas, o seu pai, o notario Lucien Trenet, era fillo de Perpiñán e nesta cidade pasou Charles longas tempadas de neno e de rapaz.